

A MANEIRA DE PRESENTACIÓN: LINGUA E LITERATURA  
COMO SIGNOS DUN PROCESO  
Francisco Salinas Portugal

A Historia da Galiza entre os séculos XIX e XX é a historia da construción do discurso identitario nacional, é o tempo de elaborar os referentes que permitiron visualizar a nación como un construto cultural cos procesos de identificación dunha realidade que se elabora a partir dunha vontade de ser.

A Galiza como *nación-en-construción* (para utilizarmos unha expresión asente para se referir a contextos pós-coloniais, mais que ao presentar a nación como proceso é, do meu punto de vista, perfectamente válida e esclarecedora para o caso galego), esa construción, dicía, centrouse, de maneira notábel, na reivindicación da lingua e na constitución dun discurso literario; lingua e literatura eríxense así nas balizas da nación, no espazo onde a nación se constrúe e se proxecta, os signos dun proceso con vocación de universalismo e desexo de pervivencia.

Os traballos galegos reunidos neste volume 2 de *Estudos* responden na súa variedade de obxectivos e de metodoloxías, a esa intencionalidade ao tempo que pretenden establecer un elo coherente cos xa publicados no primeiro volume (*Estudos Galego-Brasileiros*, Rio de Janeiro, H.P. Comunicação, 2003).

Na súa variedade creo que presentan ao estudioso, un friso do campo literario galego nos séculos XIX e XX; un período en que ese campo se viu submetido a diferentes tensións que se resumirían en dúas: autonomía do campo galego a respecto do español, autonomía do literario a respecto do campo do poder. Na complexidade destes procesos reside a vontade de procurar unha identidade (ou mellor diríamos, de construíla).

Con efecto, inclúense aquí reflexións de carácter teórico como a miña propia (*A literatura galega e os contornos da identidade*), centrada en temas da constitución do grupo letrado e das estratexias que ese grupo debe activar para conseguir a autonomía do grupo ao que pertence, nun “proceso lento e cheo de dificultades en que os intelectuais deben comezar primeiro por se tornaren “visíbeis” para ter acceso á “simples existencia literaria e para lutar contra a invisibilidade que os ameaza de inmediato, criando as condicións do seu ‘surgimento’, isto é, de súa visibilidade literaria”. Mas tamén se reflicte sobre a necesidade de difinir a nación que sinten os intelectuais ou da lingua como capital simbólico porque

“desprovista dun peso económico evidente, carente dun capital político en que poder alicerzar as súas reivindicacións, a Galiza do século XIX e primeiras décadas do XX só posuía un

capital simbólico que soubo utilizar sabiamente para autonomizar o seu campo literario a respecto do campo literario español, así como para facer xirar en boa medida á volta da lingua o proceso de autonomización do campo literario (no sentido que lle dá Bourdieu)".

A identidade como tema de reflexión e de investigación, como horizonte para explicar moitos discursos políticos, literarios, culturais en definitiva, tense erixido nas últimas décadas en motivo recorrente que non pode quedar fóra do discurso *politicamente correcto* do suxeito público sexa el escritor, político ou comunicador en xeral.

Ora ben, o discurso da identidade leva ao espazo da literatura como lugar privilexiado onde aquela se manifesta, onde as varias identidades que constitúen o individuo se constrúen, sexan elas as identidades de xénero, raza, etnia ou a máis abranxente, identidade cultural, todas elas colocadas na tensión das respectivas polaridades:

Para algunos nuestra heterogénea constitución cultural sólo puede conciliarse en la literatura, la concertadora por antonomasia de las identidades antinómicas (Yorkievich 1986)

Como consecuencia do principio enunciado, o que nos interesa é marcar como o discurso da identidade se revela, por tanto, nas literaturas, nomeadamente nas chamadas emergentes, porque "la literatura es, al mismo tiempo, causa y efecto de la identidad nacional" (Ainsa 1986: 40).

Tamén teórico é o traballo de Carme Fernández Pérez-Sanjulián (*A literatura de viaxes nos contextos de emerxencia literaria: o caso galego*) onde a autora se centra nun tema que ten levantado grandes reflexións teóricas e que nos contextos de emerxencia se reveste de particulares problemas na definición nacionalitaria e na instrumentalización do discurso literario, para alén das cuestións especificamente xenérica, pois como indica a autora,

"Na nosa opinión, unha grande parte do problema radica, para alén da habitual confusión entre a viaxe como tema literario e a literatura de viaxes, no feito de que nos atopamos ante un xénero de problemática delimitación. En primeiro lugar, polo seu carácter fronteirizo, a medio camiño entre a consideración como xénero narrativo ou como xénero ensaístico, en parte creación (nestes textos componse un discurso claramente literario a partir dos lugares, persoas ou institucións coñecidos ao longo do percurso viaxeiro) e, en parte, ensaio, en moitos casos moi condicionado polo seu carácter didáctico e/ou informativo. Pódese afirmar, pois, o carácter compósito destes textos, mestura de información e reflexión, relato pormenorizado e concesión aos excursos confesionais, descrición e, á vez, expresión da subxectividade".

Efectivamente, a viaxe como tema institúese como a grande metáfora da nación que se desloca (emerxe) de un simbólico *non-ser* para a existencia onde será recoñecida: Mais tamén a literatura de viaxes non fai mais do que pór de manifesto a existencia dun individuo que se desloca no espazo e no tempo á procura dunha identidade que vai construíndo nesa deambulación e no descubrimento que toda viaxe implica.

O artigo de X.R. Freixeiro (*A emerxencia da conciencia lingüística (galego-portuguesa-brasileira) en Murguía e Castelao*) reflexiona sobre dúas figuras sobranceiras da his-

toria galega, "ambos (...) fundamentaron a emerxencia da conciencia lingüística na proxección do galego non só en Portugal senón tamén no Brasil, argumento de que se serviron para o tentaren prestixiar"; o traballo de Murguía e a súa aportación tentan ratificar a existencia dunha personalidade diferenciada. Para o autor, Murguía é o punto central (e non só en termos temporais) dunha liña de pensamento que no que di respecto ao idioma arrinca en Sarmiento no século XVIII e continuaría na primedira metade do século XX en Castelao. A ese respecto é curioso verificarmos, tal e como indica o profesor Freixeiro, a mesma evolución que no discurso de Murguía ten a consideración do galego, primeiro como dialecto e logo como idioma

"A respecto de Castelao, en primeiro lugar - di o autor- cómpre subliñarmos que para el a lingua non é un simple medio de comunicación entre as persoas, senón a principal institución social e o compoñente básico da nación (...), organicamente unido a unha cultura (...) e fonte inesgotábel de obras de arte".

O traballo de Xosé Manuel Sánchez Rei (*A emerxencia da lingüística galega no século XIX*) enlaza e complementa o anterior, sistematizando os traballos que ao longo do século XIX foron feitos no proceso de construíren unha lingua culta e capaz para calquera ámbito de comunicación, como indica o autor, "Ainda que desde o século XVIII se viñan sentindo algunhas voces, como a do Padre Sarmiento, que subliñaban a necesidade de que se estudase a lingua galega, vai ser desde mediados do XIX cando esas reivindicacións se fagan máis habituais, a exporen argumentos distintos (e ás veces contraditorios) entre si, mais, en todo o caso, ponderando a necesidade de que se realizasen traballos con tales finalidades. Así as cousas, como produto desa sensibilidade cara ao país e aos seus sinais de identidade, de que a lingua é un deles, na segunda metade do século XIX van aparecer as primeiras gramáticas e dicionarios, que, aínda a teren unhas finalidades ben distintas entre si e unha moi desigual valía científica, constitúen a cerna da reflexión sobre o idioma propio da Galiza".

Sánchez Rei coloca de forma sistemática os contributos que no ámbito das gramáticas e dos dicionarios e outros estudos lexicográficos foron construíndo o discurso gramatical galego no século XIX, facendo propias as palabras finais deste ensaio:

"abundantes ou escasas, diglósicos ou non, de maior ou menor rigor filolóxico, acertados nas súas impresións ou totalmente inacaídos, todos os traballos [...] constitúen o nacemento do noso discurso gramatical e da nosa lexicografía. Sabéndomolos superados con moito polos títulos modernos, o que é produto dunha preparación por parte dos autores e autoras que non se puidera dar antes, coidamos que se non debe renunciar a ese legado, por escaso ou irrelevante que pareza, pois sen eses iniciais traballos dificilmente existirían na actualidade as gramáticas e os dicionarios modernos".

O traballo de Pilar Garcia Negro (*Ensin e realidade: de Sarmiento a Castelao. A importancia do ensino como peza fundamental da institucionalización galega na contemporaneidade*) sitúase nunha reflexión que ten moito que ver coa fixación do campo literario, así como na construción e alargamento / difusión das ideas nacionalitarias. Efectivamente, todo grupo letrado autoinstituído como núcleo simbólico da nación, precisa alargar a súa área de

influencia, ocupar todo o espazo da nación previamente deseñada e nada como a escola para poder difundir e asentar esa nova idea de nación e, en consecuencia da nova sociedade, dita nacional.

A autora repasa as ideas pedagóxicas do Pde. Sarmiento, que no que se refere ao ensino, como a tantas outras cousas foi un pioneiro no período da Ilustración, e o seu facho en defensa dun ensino galeo será retomado pola xeración Nós, particularmente por Viqueira, o primerio pedagogo galego do século XX para podermos concluir, como di García Negro, que, en referencia a Ensino e realidade, “Antano, o primeiro elemento do binomio existía mesmamente para negar e lexitimar a subordinación do segundo. Hoxe, o binomio cambiou, en boa medida, mais aínda non se acadou a mudanza de sistema, por moito que teña cambiado o rexime”.

Laura Tato adéntrase no seu texto (*Unha novela de formación: Intres, de Luis Manteiga.*) nunha figura case descoñecida na historiografía literaria galega, mais que significou no seu momento unha vontade de renovación, nomeadamente no seu teatro, nada negligenciábel. O artigo de Laura Tato continúa o publicado no volume I destes *Estudos*, e fala-nos dunha case descoñecida obra narrativa que para a autora pode presentar diferentes lecturas:

“nunha segunda lectura, *Intres* é unha novela de formación, a novela da autobiografía afectiva e ideolóxica dun dos integrantes da xeración das Vanguardas. Aceptádomos que a narrativa é a creación dun outro mundo e que se caracteriza por representar unha secuencia de eventos, *Intres* constitúe a secuencia de eventos que constrúen o home Luis Manteiga, mais non na súa biografía física e vital, senón na súa configuración espiritual e emocional; de aí os contidos evanescentes e ondeantes, en que, ás veces, a narración acaba disolvida en reflexión filosófica e metafísica”.

Por último, o traballo de Carlos Paulo Martínez Pereiro (*Da palabra á (cali)grafía en Uxío Novoneyra: Influencias interculturais e afluencias plástico-escriturais*) continúa na preocupación do autor, que xa ven de antigo, por relacionar comunicación verbal e visual, texto plástico e texto escrito; para iso céntrase nun escritor galego na segunda metade do século XX, neste período que eu propio denominei do 3º momento emerxente.

Martínez Pereiro recorre para o seu estudo á reflexión sobre a obra dun poeta como Novoneyra dificilmente clasificábel na historia literaria moderna da Galiza e que para o estudioso é paradigmático desa síntese do plástico e do visual:

“A impronta da visualidade e da plasticidade asociadas á creación lírica trespassan a poesía de Novoneyra case desde os seus comezos nos anos '50. A produción desa década viu a luz no courelán e excepcional poemario *Os eidos* (Vigo, 1955) e na edición bilingüe galego-castelán de *Elegías del Caurel y otros poemas* (Madrid, 1966). Ora ben, vai ser coa aparición do volume *Os eidos 2* (1974), axeitadamente presidido coa epígrafe de *Libro de olladas* que o subtítula, e, noutro sentido complementar, cos *Poemas caligráficos* (Madrid, 1979), que a omnipresenza do gráfico e a importancia do ollar comecen a adquirir unha máis do que relevante entidade”.

Como conclusión, gustaría de subliñar a importancia que estes estudos podan ter para unha mellor comprensión do fenómeno literario galego desde o período emerxente situado no século XIX e a actualidade en que moitos dos principios que nortearon a produción dos séculos XIX e XX se manteñen aínda operativos e convidáanos a confrontar a cultura galega e a súa literatura desde a perspectiva dunha emerxencia literario-cultural que é correlato da difícil emerxencia política.